



COSTA DE MALPICA

Club de Montaña O Carroucho

3 de Marzo de 2012

A nosa ruta de hoxe comeza no Espazo Natural de Razo-Baldaio, no concello de Carballo. Conta con, aproximadamente, 1.000 hectáreas de extensión protexida, chea de dunas, marismas, cantís, pradarias litorais e como non, o seu fermoso areal, un dos máis largacíos de Galicia. Nas súas praias é posible practicar diferentes modalidades deportivas. Unha das máis practicadas é o surf. Tamén é posible a práctica do windsurf, submarinismo e o parapente, estes descenden suavemente pola ladeira do monte Neme que esvara ata penetrar no océano.



Os amantes da ornitoxía atopan na zona das marismas un extraordinario miradoiro natural de aves. A variedade do eido, unido ao efecto do mar, favorece a existencia dunha extraordinaria flora, con adaptacións específicas ás condicións extremas. Este espazo, no que conflúen as augas doces e salgadas, está habitado ademais por unha diversidade de especies animais, así, unha das actividades a desenvolver polos amantes da natureza pasa pola observación de aves. A zona situada entre a marisma e a lagoa constitúe un emprazamento axeitado, dende o que poderemos ollar zarapitos, agullas, andarriños chicos, chorlitejos chicos e correlimos.

Proseguimos despois o noso percorrido preto do porto pesqueiro de Razo, situado na ladeira do monte Neme que é un pequeno e típico porto mariñeiro, continuamos ao longo da costa gozando novamente da paisaxe


Lembrámosvos que esta actividade só inclúe o seguro de transporte

Datos Básicos

Comezo: Baldaio
Remate: Malpica
Distancia lineal: 20 km.
Duración aproximada: 6 horas
Dificultade: Baixa
Altura máxima: 164 m
Altura mínima: 0 m
Acumul.: ↗534 m / ↘474 m

marítima cara a Malpica. Se o tempo está despexado, poderemos ver durante todo o camiño as Illas Sisargas e, á esquerda, o Neme. O seu significado na lingua celta é "sagrado". Aínda nos tempos modernos foi lugar de culto. A tradición ven de vello; así nas noites de San Xoán, as meigas reuníanse neste monte para celebrar ritos. Dende o cumio pódese observar unha fermosa vista de parte da Costa da Morte. Aínda temos por ver os muíños de Ardeleiro, xa en Malpica. Están situados a ambas beiras do afluente do río Vaa, o verdadeiramente interesante destes muíños é que están mesmo na beira do mar. Salientar que foron recentemente recuperados. Contamos na zona cun importante centro de antiquísima tradición de artesanía oleira. É este o maior atractivo do pobo de Buño.

Estamos xa preto de Malpica, que é a vila pesqueira con máis actividade desta parte da costa coruñesa. Pola tarde, os días laborais ao redor das 17:00, é interesantísimo visitar o peirao, onde se realiza a puxa de peixe. E chegamos ao centro e a fermosa praia de Malpica, chamada de Area Maior, dende onde temos unhas vistas inmejorables do arquipélago das Illas Sisargas e da costa. Estas illas (Grande, Chica e Malante) representan outro paraíso para aves e fauna autóctona.



Próxima cita:

24 Marzo
Ortegal



O Carroucho

www.carroucho.org